



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Galicia Como Destino Turístico			Código	662G01040
Titulación	Grao en Turismo				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Humanidades				
Coordinación	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es		
Profesorado	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es		
Web					
Descrición xeral	A materia pretende profundizar no coñecemento dos principais bens turísticos galegos en todos os ámbitos: natural, cultural e de servicios. A súa correcta clasificación, descrición, análise e estudo serán obxectivos fundamentais a alcanzar polo alumnado.				



Plan de continxencia	<p>1. Modificación dos contidos: Non hai.</p> <p>2. Metodoloxías ? Metodoloxías docentes que se manteñen: As mesmas.</p> <p>? Metodoloxías docentes que se modifican: Saídas de campo faranse, en todo caso, en versión virtual e non computarán na nota final.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Clase Maxistral e presentación de temas por parte do alumnado por Teams. No horario proposto para as clases da materia</p> <p>Titoría: Póñense a disposición do alumnado titorías individualizadas para quen as precise</p> <p>Foros: Serán propostos pola profesora en Moodle con relación e a cada tema.</p> <p>Moodle: Na plataforma Moodle aparecerá e estará a disposición do alumnado todo o material empregado na materia pola profesora.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Presentación oral 40% Traballo realizado de xeito individual sobre un dos temas propostos na materia, que se presentará de forma oral, con presenza de todo o alumnado. En caso de confinamento, presentarase a través da plataforma TEAMS</p> <p>Proba 60%: Proba de opción múltiple sobre os contidos da materia a través da plataforma Teams. Respectarase o formato tipo test, dando a elixir entre múltiples respostas.</p> <p>Observacións de avaliación: Todas as partes han superar o 50% da nota para poder facer o computo final.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non hai modificacións; ao longo do cuadrimestre ofreceranse ao alumnado moitas referencias on line que poden resultar útiles. Non obstante, a profesora poderá suxerir algunhas se o alumnado así o demanda.</p>
-----------------------------	--

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A18	Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A25	Comprender un plan público e as oportunidades que se derivan para o sector privado.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
A28	Coñecer os obxectivos, a estratexia e os instrumentos públicos da planificación.
A33	Creatividade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.



B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer os principais bens turísticos da comunidade galega	A8 A18 A27	B1 B6	C1 C6 C7
Recoñecer os principais estilos e tipoloxías artísticas e os exemplos máis singulares presentes no territorio de estudo	A8 A18 A23 A33	B1 B4	C1 C2 C3 C6 C7 C8
Analizar as debilidades e potencialidades de Galicia como destino turístico	A8 A18 A23 A25 A27 A28 A33	B1 B2 B3 B4 B6 B7	C1 C4 C7 C8
Estudar, a través dun contacto directo, a historia, xeografía e os principais xeodestinos turísticos da comunidade Galega	A8 A13 A18 A23 A25 A27	B1 B4 B6 B7	C1 C2 C6 C7 C8
Ser quen de explicar a unha audiencia os principais recursos turísticos de Galicia	A8 A13 A18	B1 B2 B3 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5



Saber deseñar un itinerario por Galicia que comprenda un número importante dos recursos estudados	A8	B1	C1
	A18	B2	C2
	A23	B3	C3
	A27	B4	C4
	A33	B5	C5
		B6	C6
		B7	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á materia.	1.1 Características xerais e breve historia de Galicia. 1.2 Características xeográficas de Galicia: situación, principais trazos físicos. Galicia na Península Ibérica.
2. Historia de Galicia	2.1. Principais feitos históricos
3. Principais recursos do patrimonio arquitectónico galego.	3.1. Percorrido polos diferentes estilos artísticos. 3.2. Principais tipoloxías: Mosteiros, catedrais, igrexas, castelos, pazos e outros edificios civís relevantes.
4. A gastronomía.	4.1 Os viños. 4.2 Principais aspectos da cociña e da viticultura de Galicia. 4.3 Festas gastronómicas.
5. Principais recursos do patrimonio inmaterial galego.	5.1 A lingua. 5.2. O Folclore. 5.3. Festas, lendas, crenzas. 5.4. Outro patrimonio etnográfico. Artesanía e oficios populares
6. O Camiño de Santiago.	6.1 O Camiño francés. 6.2 Outros tramos galegos dos Camiños de Santiago.
7. Elementos principais dos Museos e Centros de Interpretación de Galicia.	7.1. Principais museos e tipoloxías. 7.2. Centros de IP. 7.3. Outros equipamentos
8. O Camiño de Santiago.	8.1. O Camiño Francés. 8.2. Outros tramos do Camiño en Galicia.
9.a Paisaxe e áreas naturais no litoral. 9.b Paisaxe e áreas naturais de interior.	9.a.1 Rías, illas e praias, zonas húmidas e areais, acantilados. 9 b.1. As montañas, os vales fluviais, os bosques e as lagoas (Serras setentrionais, Dorsal galega, Penechaira galega, Depresión de Ourense, A Limia. Val de Monterrei. Val de Arnoia. Terras do Carballiño. Val do Ribeiro. Valdeorras. O chanzo de Santiago. Fosa Padrón-Tui. As bacías do Tambre e o Ulla. Serras meridionais).
10. As cidades galegas como focos de atención turística.	10.1. A Coruña 10.2. Lugo. 10.3. Ourense. 10.4. Pontevedra. 10.5. Vigo. 10.6. Santiago. 10.8. Ferrol. 10.9. Outras localidades: Muros, Noia, Monforte, Ribadavia, Sanxenxo, Allariz, Viveiro, Carballo, ...
11.O "Top Ten" galego. Produtos. Xeodestinos.	11.1. Descrición e análise.
12. Rutas senlleiras.	12.1. Ruta da camelia. 12.2. Outros camiños. 12.3. Rede de rutas.



13. Espazos naturais.	13.1. Os espacios protexidos de Galicia. 13.2. A Rede Natura.
14. A Administración turística.	14.1. Competencias da administración do Estado e da Xunta en materia turística. 14.2. A Administración turística en Galicia. Órganos e funcións.
15. Estratexias de promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.	15.1. Principais canais de promoción. 15.2. Principais canais de comercialización.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B5 B7	8	8	16
Traballos tutelados	A13 A18 A23 A25 A27 B1 B4 B6 C1 C3	8	24	32
Presentación oral	A13 A18 A33 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C2 C7 C8	1	3	4
Proba mixta	A18 A23 B1 B2 B3 B4 C1 C2 C4	1	0	1
Aprendizaxe servizo	A8 A13 A18 A28 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C4 C6 C7 C8	8	24	32
Sesión maxistral	A18 A23 A25 A27 A28 C4 C5 C6	21	42	63
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.



Aprendizaxe servizo	<p>Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.</p> <p>Proporase ao alumnado matriculado, a participación nunha actividade de aprendizaxe-servizo coa Universidade Senior. Este deberá elixir entre esta actividade ou o traballo tutelado. É dicir, ambas actividades son excluíntes, de tal xeito que o alumnado só realizará unha delas.</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	O alumnado poderá precisar atención personalizada na preparación das súas presentacións oráis.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B5 B7	As saídas de campo son de carácter obrigatorio e, en ocasións, requirirán preparación por parte do alumnado, segundo as indicacións dos profesores	10
Traballos tutelados	A13 A18 A23 A25 A27 B1 B4 B6 C1 C3	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>Elíxrase entre esta metodoloxía e a de aprendizaxe-servizo, como se explica no apartado referido a ela. (abaixo)</p>	15
Proba mixta	A18 A23 B1 B2 B3 B4 C1 C2 C4	Trátase dunha proba que pode combinar as preguntas discriminatorias, coas de desenvolvemento de temas.	60
Aprendizaxe servizo	A8 A13 A18 A28 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C4 C6 C7 C8	<p>Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.</p> <p>Proporase ao alumnado matriculado, a participación nunha actividade de aprendizaxe-servizo coa Universidade Senior. Este deberá elixir entre esta actividade ou o traballo tutelado. É dicir, ambas actividades son excluíntes, de tal xeito que o alumnado só realizará unha delas.</p>	15

Observacións avaliación



A asistencia a clase é obrigatoria. De xeito esporádico pódense facer cuestionarios ou exercicios que servirán como forma de control da asistencia. Ás persoas que, por unha causa xustificada, non podan asistir o día indicado para a súa presentación oral terán que acordar coa profesora outra data. As saídas de campo, conferencias ou outras actividades son unha obriga e poderán requirir a presentación dunha reseña, que servirá como demostración da asistencia. As persoas que participen no proxecto de aprendizaxe-servizo non poderán cambiar de modalidade unha vez decidida a participación. -Todas as partes teñen que ser superadas a lo menos nun 50% para poder facer o cómputo final. O alumnado que suspenda calquera das partes figurará en actas coa calificación obtida na parte suspensa, ata que se poda facer o cómputo final na seguinte oportunidade unha vez superadas todas as partes.

As instrucións detalladas sobre os traballos serán explicadas pola profesora na clase e expostas na plataforma Moodle para a súa consulta. Os anteriores criterios de avaliación aplicaranse tanto na primeira como na segunda oportunidade.

O alumnado que libere unha parte da materia mediante unha proba parcial, só terá validez para o curso actual. Se unha persoa que ten liberada unha parte non consegue aprobar a materia no seu conxunto, nin en primeira nin en segunda oportunidade, a súa calificación final será suspenso, e terá que repetir toda a materia nos seguintes cursos académicos.

Está prohibido acceder ó aula na que se desenvolven as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/u almacenamento de información.

Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia :

- Seguirán o mesmo sistema que o alumnado presencial, pero deberán realizar dous traballos propostos pola profesora (en lugar de un). Ademais, deberá porse en contacto con ela para realizar alomenos dos titorías on line ao longo do cuadrimestre.

En todas as modalidades, a detección de plaxio ou calquera evidencia de falsidade serán penalizadas co suspenso na materia ata a seguinte oportunidade ou convocatoria. O alumnado que non se presente a ningunha das partes propostas na avaliación aparecerá como NP na acta. De presentarse a calquera delas, aparecerá como suspenso ata que na seguinte convocatoria presente ou aprobe a parte que falte para poder facer o cómputo final. Pódese dar o caso de que unha persoa suspenda algunha das partes, pero que a suma co resto dea aprobado. Nese caso a nota será un suspenso (o suspenso máis alto das que aparezan suspensas), pois para facer o cómputo é preciso, como se sinalou anteriormente, que todas as probas sexan superadas nun 50%.



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - BAS, B. (1983). As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia. Cadernos do Seminario de Sargadelos. Edicións do Castro, Sada (A Coruña) - CEGARRA, B. (1992). Guía da arte de Galicia. Ed. Galaxia, Vigo (agora publicado por provincias) - CEGARRA, B. (1992). Guía e rutas da arte. Épocas e estilos. Ed. Galaxia, Vigo - CALO LOURIDO et al (2005). Historia Xeral de Galicia. A Nosa Terra, Vigo, - CRIADO BOADO, F. (ed.) (2016). Atlas de Arqueología de Galicia. Eds. Xerais, Vigo - GIL, F.J. (2002). 50 rutas para conocer Galicia. Nigra Trea, Vigo - HERNÁNDEZ BORGE, J., DÍAZ FERNÁNDEZ, J.A (2000). O turismo en Galicia Potencialidades endóxenas e desenvolvemento urbano e economico. Servicio de publicacións Dip. de Ponteved - LOIS GONZÁLEZ, R e FORMIGO COUCEIRO, J. (2003). Galicia. Ed Everest, León - LOIS, R.C. e PINO, D. (Coords.) (2015). A Galicia urbana. Eds. Xerais, Vigo - LÓPEZ BERNÁNDEZ, C (2005). Breve historia da arte galega. Ed. Nigratrea, Vigo - LÓPEZ CARREIRA, A. (2013). Historia de Galicia. Eds. Xerais, Vigo - MARIÑO FERRO, X.R. (2000). Antropoloxía de Galicia. Edicións Xerais, Vigo - OTERO PEDRAYO, R. (1980). Guía de Galicia. Ed. Galaxia - PEMÓN, B. e DORNELO, X. (2000). Mitos, ritos y leyendas de Galicia. Martínez Roca, Barcelona - PRECEDO LEDO et al. (2002). Atlas de Galicia. Hércules de Ediciones, A Coruña - PRECEDO LEDO et al. (2001). Atlas de Galicia. Xunta de Galicia. Sociedade para o desenvolvemento Comarcal de Galicia, Santiago - SORALUCE BLOND, J.R. (1999). Guía da arquitectura galega. Ed. Galaxia, Vigo - VILLARES, R. (2004). Historia de Galicia. Ed Galaxia, Vigo - VV. AA. (2002). Guía de espacios naturales. Galicia.. Ed El País-Aguilar, Madrid <p>Intranse engandido referencias bibliográficas máis concretas ao longo da materia</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A asistencia a clase é imprescindible.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías